

## O CINECLUBISMO EN GALIZA: DE ONTE PARA MAÑÁN

### 1. A REALIDADE ACTUAL DO CINE-CLUBISMO GALEGO

O movemento cineclubístico, como é coñecido, é unha invención francesa da década de 1920, cando se constitúen en Francia as primeiras agrupacións adicadas á proxección e o estudo crítico de películas, agrupacións animadas por escritores e intelectuais que descubrían naquelas datas a séptima arte. Moi cedo, o descubrimento cineclubístico vai pasar a España, da man de Luis Buñuel quen fundou e dirixiu en Madrid o primeiro cine-clube español, na Residencia de Estudiantes (1920-1923).

En Galiza a historia do cineclubismo galego é moito máis recente, ten a súa data de nacemento en 1954, cando se funda o C. C. Pontevedra, o máis vello dos galegos. Trinta anos de historia, de historia mal coñecida, pero de historia indispensable para coñecer o desenvolvemento da cultura cinematográfica no noso país. Pois foron os cineclubes os principais promotores da mesma, máis aínda en tempos en que a exhibición comercial ofrecía unicamente produtos cheos de vulgaridade e a censura política facía imposible a visión de moitos filmes por canles comerciais. No ámbito dos cineclubes o cine convírtese en elemento de debate, de estudo crítico, e nel vanse forxar os espectadores receptivos e críticos do feito cinematográfico.

Pero o noso país, cun contexto cultural non normalizado, afogadas as súas señas de identidade, suxeto a unha colonización cultural paulatina, mantivo durante moito tempo un bon número de cineclubes, asociacións culturais, grupos teatrais, musicais, etc., que, con dificultades económicas, atrancos administrativos, carencia de infraestrutura material e outros obstáculos, lograron que o noso panorama cultural actual non sexa un territorio culturalmente deserto e españolizado, como moitos quixeran.

Non vou facer agora a historia do desenvolvemento do cineclubismo galego<sup>1</sup>, pero penso que si debo apuntar algunhas notas significativas. E tentamos que falar, por exemplo, dos primeiros c. c. que en 1961 comezaron a traballar en Ourense, o c. c. *Ourense* e máis tarde o c. c. *Miño*, até 1964. Posteriormente, até 1971, o c. c. *AFO* da Alianza Francesa de Ourense. Traballo sobre o que asentaría posteriormente as súas bases o c. c. *Padre Feijoo*, fundado en 1970 e hoxe, con quince temporadas, aínda en funcionamento. Na súa historia, destacar unicamente que foi o principal impulsor das Xornadas de Cine de Ourense, onde o cine galego tivo a súa primeira xanela cara o exterior. Ao marxe de esto, son case 800 sesións, VIII Mostras anuais, seis edicións das xornadas, e multitude de ciclos, cursiños de formación ci-

<sup>1</sup> No número seis da revista "Entregas", publicado pola Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, e próximo a editarse, aparecen diversas colaboracións que enriquecen o panorama histórico do cine-clubismo galego.

nematográfica, etc... E teríamos que falar do c. c. *Carballiño*, creado en 1969, con IX Semanas de Cine no seu haber, VII ciclos de cine de humor, case 500 sesións en quince anos de traballo e a organización, no pasado mes de agosto, das Xornadas de Cine en Galicia. E na mesma provincia ourensana, unha das máis fortes a nivel cineclubístico, destacar o traballo do c. c. *Solpor* de Celanova, que dende 1974 leva traballando por levar á citada vila cine de calidade, con case duascientas sesións e once Xornadas no seu haber. En Verín o c. c. *O Cigarrón*, fundado en 1979, que, tras diversas crises, parece reiniciar firmemente a súa andadura. No Barco de Valdeorras, o c. c. *Groucho Marx*, que nace en 1980 e xa está plenamente consolidado, cunhas 160 proxeccións e dúas Semanas de Cine celebradas con gran éxito. E o c. c. *Catalezo*, na Vella Universidade Laboral de Ourense (hoxe C. E. I.) que ven funcionando dende 1979 para os alumnos e profesores deste centro.

Entre os máis novos, nacidos nos últimos anos, o c. c. *Trivia* de Póboa de Trivés, *Xuntanza* de A Veiga do Bolo, c. c. *Os Xermolos* de Viana, *O Canto do Moucho* de A Rúa, *Ziralla* de Allariz e o *Fato Cultural Os Chaos* de Amoeiro. Entre os xa desaparecidos, citar o labor de *Os Cigurros* de A Rúa, *O Beón* de Xinzo, *Abrente* de Ribadavia, *Os Choupos* de Verín e *Pia da Moura* de Entrimo.

Pontevedra é outra provincia importante a nivel cine-clubístico. Na capital da mesma temos o c. c. *Pontevedra*, o máis vello dos gallegos, cun importante historial dende 1954. Máis de 800 sesións, diversas Semanas de Cine (nos anos 60 as primeiras semanas do Nuevo Cine español e do Novo Cinema portugués), multitude de ciclos de todos os autores, nacionalidades e xéneros. Importante tamén o labor do c. c. *Adega* de Vilagarcía, que dende 1976, ven organizando proxeccións (perto das catrocentas xa) e diversas mostras da imaxe, cine infantil, ciclos de cine, etc.

Na cidade viguesa, quezais polo tipo de poboación, cunha xa importante oferta de cine de todas as calidades por parte das sás comerciais, o panorama non é tan alentador. Nos últimos anos desapareceron diversos c. c. importantes, como, p. ex., o c. c. *Cies*, c. c. *Celta*, c. c. *Luis Buñuel* e c. c. *Abertal*. Só permanece en actividade o c. c. *Vigo*, que ven organizando actividades cinematográficas en colaboración co Concello vigués. Na provincia existiron outros c. c. importantes, pero moitos deles desapareceron nos últimos anos. Seguen en actividade, polos datos que poseo, o c. c. *Marín* da mesma vila, o c. c. *Breogán* de O Grove, e funcionaron até hai pouco outras entidades en Tui, Salvaterra de Miño, Cangas e Moaña.

A Coruña foi en tempos unha cidade importante a nivel de cineclubismo. Alí funcionaron o c. c. *Aldebarán*, c. c. *Crucero Baleares* (da antiga Universidade Laboral), c. c. *Coruña* (dos dominicos) e outros. Hoxe desapareceron inexplicablemente —pois a cidade coruñesa non conta cunha oferta comercial totalmente satisfactoria, e só algunhas asociacións culturais (como o *Ateneo* da Coruña e a *A. C. Alexandre Bóveda*) cobren este valeiro, programando elas actividades cinematográficas. Na provincia desapareceron algúns c. c. (*Amador* e *Daniel*, das CC.OO. ferrolanas; *Lumiére*, de Mugar dos; *Endesa*, de As Pontes, etc.). Creáronse outros novos, como o C. P. S. *San Valentín*, en Fene; o c. c. *Rueiro*, en Ribeira; o *Ateneo ferrolán*, etc...

Máis vellos son o c. c. *Liceo* de Noia e o c. c. *Bergantiños*, dependente do centro cultural de Carballo.

Caso aparte sería a cidade santiaguesa. Santiago, como cidade universitaria, foi dende sempre cidade de interés cinematográfico. Nela traballaron nos últimos anos do franquismo tres c. c. importantes, *ANUE*, *A.F.C.* e c. c. *Santiago* (de antigos alumnos do colexio La Salle). Dende 1979, que deixou de funcionar *ANUE*, houbo un valeiro cuberto só polos c. c. dependentes dos Colexios Maiores (*Xelmírez*, *Fonseca*...) e polo labor da sección de cine do Vicerrectorado de Extensión Universitaria. Dende 1982 melloraron as cousas, coa posta en marcha do c. c. *Carlos Varela Veiga*, dependente da A. C. O Galo, con dúas tempadas no seu haber e unhas cincuenta proxeccións, consolidándose xa como cine-clube no eido universitario.

Finalmente, a provincia lugués, que conta cun número escaso de cine-clubes en funcionamento na actualidade. Citar unicamente o labor do c. c. *Valle-Inclán*, que conta cunha sección de cine-clube dende a súa creación en 1966. Ademais das actividades cinematográficas, é promotor do Certame de Fotografía Carlos Varela Veiga, en lembranza dun dos principais impulsores do cine-clubismo lugués e galego, desgraciadamente morto en accidente hai algúns anos. Dependente da Escola de Inxeniería Técnica Agrícola, está o c. c. *Tío Marcos da Portela*, e, finalmente, na mesma capital, o grupo fotocinematográfico *Fonmiñá*, organizador dunha semana de cine na temporada estival dende 1979.

Na provincia, destacarei o traballo do c. c. *Monteforte*, creado en 1981 en Monforte, hoxe xa consolidado, con dúas Xornadas Cinematográficas en agosto de 1983 e 1984. Existiron outras iniciativas cineclubísticas, moitas veces ligadas a Asociacións Culturais, en Gúttiriz, Viveiro (A. C. Sementeira), Ribadeo (Francisco Lanza), etc., pero hoxe están apagadas. En tempos máis lonxanos tamén funcionou como cine-clube o *Circuló das Artes* da capital lugués.

Resumirei esta realidade decindo que existen hoxe no noso país de vinte e cinco a trinta cine-clubes en actividade, ubicados en diversas cidades, vilas e incluso pobos do mesmo. É esta unha realidade que non sería posible sen o traballo de moitos cinéfilos e cineclubistas que ao longo destes anos adicaron moitas horas a pór en marcha estas iniciativas. E sería inxusto non citar algúns nomes, nomes como Juan Lazcano Castedo, José Paz, Luis Álvarez Pousa, Arturo Lezcano, Carlos Varela Veiga, Sexismundo Bobillo, Pepe Román, Miguel A. Fernández e moitos outros sen os cales non poderíamos coñecer esta historia.

E neste camiño estamos. O ano 1984 foi tamén un ano importante. Por moitos motivos. Primeiro, pola consolidación definitiva da Federación Galega de Cine-clubes. Despois, porque foron moitos os cineclubes que encetaron o seu camiño ou asentárono, despois de pasar por momentos difíciles. Tamén pola celebración das "Xornadas de Cine en Galicia" de O Carballiño, que concentraron nesta vila —do 18 ao 24 de agosto— a boa parte dos interesados na cultura cinematográfica, de Galiza e do resto do Estado. E asimesmo pola celebración de diversas Mostras e Semanas de Cine —en moitos casos co apoio da Dirección Xeral de Cultura— como as celebradas en Monforte, Ourense, O Barco de Valdeorras, Lugo ou Vilagarcía.

## 2. UN EJEMPLO DE TRABAJO COOPERATIVO: LA ORGANIZACIÓN DOS CICLOS DE CINE PROVINCIAIS EN OURENSE

Quixera facer referencia agora a unha experiencia de difusión cineclubística a nivel provincial, única en Galiza, e penso que única tamén no contexto cinematográfico do Estado español. Hai que dicir xa que esta experiencia non sería posible sen o apoio económico de dúas institucións ourensanas — a Diputación Provincial e a Caixa de Aforros Provincial de Ourense — e grazas a elas os cineclubes ourensanos veñen funcionando de maneira cooperativa nos últimos anos.

A experiencia comenzou co primeiro ciclo cinematográfico provincial organizado no ano 1981 por seis cineclubes provinciais, co patrocinio da Diputación de Ourense, cunha aportación por parte desta institución de medio millón de pesetas. Este ciclo, que durou tres meses, levou cine de calidade — títulos de N. Ray, Zoltan Fabri, Rossellini, Pasolini, H. Hawks, Eisenstein, etc. — a vilas como O Carballiño, O Barco, Celanova, Verín, Amoeiro e a propia cidade de Ourense. A Diputación, baixo a presidencia de Victorino Núñez, apoiou economicamente o desenrolo de tres ciclos cinematográficos nos que participaron, con sesións en 35 mm. e en 16 mm., a totalidade dos cineclubes de Ourense: Padre Feijoo e Catalexo, de Ourense; Os Chaos, de Amoeiro; Abrente, de Ribadavia; Galgar, de Francelos; Trivia, de Póboa de Trives; Solpor, de Celanova; Carballiño, de Carballiño; O Cigarrón, de Verín; O Canto do Moucho, de A Rúa; Groucho Marx, de O Barco; Xuntanza, de A Veiga do Bólo; e Zirallá, de Allariz.

Os ciclos favoreceron o feito de que varios films clásicos circulasen en circuito por varios pobos e vilas, abaritando os custos de aluguer e transporte. O cine de calidade chegou así a puntos alonxados da xeografía galega, que doutro xeito xamais terían acceso a certas obras da sétima arte. Ademais de despertar a afición polo cine de calidade, intentouse tamén recuperar iniciativas cineclubísticas que se perderon na provincia e potenciar o nacemento de novos cineclubes.

Hai que dicir tamén que, na organización dos ciclos, elaborouse un programa partindo do respecto pola autonomía propia de cada cineclubes, que programo en base ás características, intereses, gustos e preferencias dos seus espectadores. Porque tamén sabemos que non é o mesmo programar para Ourense que para O Barco, Carballiño ou Amoeiro. Anque tamén é certo que hai unhas cantas películas, que polas súas calidades serven, para ser proxectadas en varias localidades, e así se fixo algunhas veces.

No balance desta experiencia, hai que anotar que cada ciclo programou perto das duascentas películas — en total —, e, según cálculos organizativos, estas actividades chegarían a unhas dez mil persoas na provincia. O custo dos ciclos, contando non só coa programación das películas, senón tamén os gastos paralelos (edición dun cartel e dun boletín) pasou do millón de pesetas, aportando 800.000 a Diputación. Segundo as nosas informacións, unicamente en Zaragoza realizouse unha experiencia similar, onde un cineclubes realiza proxeccións en distintos puntos da provincia, pero no ciclo ourensano é a primeira vez que se realiza coa participación de todos os c. c. provinciais.

Outra actividade semellante foi a que patrocinou a *Caixa de Aforsos Provincial*, con cargo aos fondos da súa obra cultural, no ano 1982, a CAMPAÑA DE CINE PARA A INFANCIA E A MOCIDADE, que durou de marzo a decembro dese mesmo ano. Nela participaron os c. c. ourensanos e incluso algunha asociación cultural e de veciños. Contou esta campaña cun total de cento coarenta proxeccións e a Caixa Provincial aportou un total dun millón trescentas mil pesetas para o desenvolvemento da mesma. O obxectivo da Campaña foi iniciar aos nenos e mozos na cultura cinematográfica, ao tempo que se canalizaba o tempo libre dos rapaces e se acostumbraban a ver cine de calidade. A Caixa aprobou recentemente a realización dunha segunda campaña de outubro a decembro deste ano (1984), xa en marcha. Finalmente, engadir tamén que na cidade de Ourense o concello aprobou diversas subvencións para poder celebrar sesións para nenos na cidade e nos barrios. Dende xaneiro do próximo ano, o c. c. Padre Feijoo de Ourense, en colaboración coa comisión de cultura do Concello desta cidade, proxectará todos os martes filmes para a xuventude.

A valoración de todas estas iniciativas non pode ser máis que positiva, dende todos os puntos de vista, pois posibilitaron diversas realidades:

— Sacar da penuria económica e mesmo da crise a moitos cineclubes.

— Levar o cine de calidade ás distintas comarcas ourensanas.

— Apoiar decididamente o labor cultural que, moitas veces con incompreensións, veñen desenrolando nas nosas vilas e pobos, en favor da cultura cinematográfica, os cineclubes existentes.

— Recuperar distintos cineclubes provinciais que doutro modo morrerían ou apagarían a súa actividade.

— Sensibilizar ás nosas xentes respecto da arte máis importante do actual século.

Finalmente, é de xusticia apuntar que este traballo cooperativo non sería posible sen o labor de dous c. c. (o P. Feijoo e o c. c. Carballiño) e dúas persoas, José Paz, promotor da idea, e Miguel Ángel Fernández, presidente do c. c. Carballiño, incansables ambos na organización do ciclo e responsables máximos do seu perfecto desenvolvemento.

### 3. A FEDERACIÓN GALEGA DE CINE-CLUBES

Como resultado dunha serie de postas en contacto, os cineclubes galegos coincidiron na necesidade dunha maior coordinación e colaboración entre todos os c. c. galegos. Neste sentido celebramos unha reunión en xullo de 1983 no Carballiño, onde se acordou iniciar os trámites cara a constitución dunha Federación Galega de Cine-Clubes. Coincidiu este proceso cunha reforma da anterior "Federación de Cine-Clubs del Estado español", agora estruturada de acordo coa nova realidade administrativa-política e denominada "Confederación de Cine-Clubs del Estado español".

A iniciativa non era nova. Tras un primeiro intento tímido, xa nos anos cincuenta, en 1977 houbo un proceso federativo a nivel galego no que participaron os c. c. Pontevedra, P. Feijoo, Valle-Inclán, Carballiño, ANUE, Adegas e outros, que fracasara entón a causa da situación política do momento e a realidade xurídico-legal da Fe-

deración estatal que, daquela, imposibilitaba a creación dunha Federación Galega. Pero hoxe a Federación Galega xa é unha realidade, ten presentados os seus Estatutos ante o Ministerio do Interior, conta cunha Xunta Rectora eleixida en xullo deste ano, presidida por Miguel Anxo Fernández<sup>2</sup>, e onde están representados os c. c. de todas as provincias galegas e agrupa un total de vintecinco c. c. de toda Galiza, practicamente todos os que teñen unha actividade estable. A Federación Galega está integrada, á súa vez, na Confederación estatal e está aberta á incorporación de todas as entidades cineclubísticas interesadas neste proxecto.

Aínda é moi cedo para valorar a existencia desta Federación, pero penso que os seus logros e posibilidades xa están á vista. En principio, a Federación serviu para poñernos en contacto moitos c. c. que apenas tiñamos relación directa. E, do mesmo xeito, constatar os diferentes problemas da vida de cada asociación e tentar axudar a resolvelos entre todos. Problemas que son diferentes según a peculiar inserción de cada c. c. no seu entorno. Nuns casos, problemas de falta de locais para proxectar, tendo que pagar precios abusivos polo aluguer das mesmas (até 30.000 pesetas por sesión nalgún caso). Noutros casos os c. c. contan con locais propios ou cedidos por algunha entidade. Un caso significativo é o do c. c. Carballiño, impulsor coas demais entidades culturais desta vila, da posta en marcha dunha Casa de Cultura para O Carballiño, que tamén vai servir como local para determinadas sesións dos c. c. Había problemas tamén de infraestructura, de falta de material, de falta de apoios e subvencións, de competencia de determinadas sás comerciais —refírome, por suposto, á competencia desleal—, problemas de programación, etc... Constatar esta problemática (en sucesivas reunións, no Carballiño, no Barco de Valdeorras, en Ourense, en Vilagarcía, etc.) xa foi moi importante. O nivel de colaboración entre os diferentes c. c. é moito maior que hai dous anos, por exemplo.

Os obxetivos da Federación son, por suposto, moito máis ambiciosos, pero só o tempo e o traballo cineclubístico darán conta dos mesmos. Pero si quero incidir nun feito significativo: hoxe o cineclubismo galego ten xa un recoñecemento claro como feito cultural. Recoñecemento por parte das institucións administrativas e de goberno; por parte dos medios de comunicación; por parte das distribuidoras de material cinematográfico, que agora saben que negocian cunha entidade seria e importante que lles pode asegurar moitos puntos de exhibición, incluso en localidades que carecen de sás comerciais. Este recoñecemento é tamén unha conquista da Federación e do traballo en común.

MARCOS VALCARCEL

Ourense


---

<sup>2</sup> Esta Xunta Rectora, eleixida o 8 de xullo de 1984 nunha Asamblea de cine-clubes galegos en Vilagarcía, ten a seguinte composición: Presidente, Miguel Anxo Fernández (cine-clube Carballiño); Vicepresidente, Marcos Valcarcel (c. c. Padre Feijoo); Segretario, Sexismundo Bobillo (c. c. Padre Feijoo, Ourense); Tesoreiro, Fernando Rodríguez (c. c. Carlos Varela Veiga, Santiago); Vocais, Anxo Santomil (c. c. Groucho Marx, O Barco), Carlos Osorio (c. c. Pontevedra), Manuela López Fuentes (Ateneo Ferrolán), Xesús Vilanova (c. c. Valle-Inclán), Luis Rodríguez Taus (c. c. Adegá, Vilagarcía), Xesús Vidal Ageitos (c. c. O Rueiro, Ribeira) e Xosé M.<sup>a</sup> Rodríguez Vázquez (Os Chaos de Amoioiro).

87 xaneiro  
febreiro  
marzo

Tomo XXIII-1985

# GRIAL

- 
- XOAN X. ALFAIA:** Ser galegos: Identidade e solidariedade.
- M. MANDIANES:** A matanza na rexión da Limia.
- X. R. BARREIRO:** A conspiración liberal galega de 1817.
- M.ª CARME ARES:** Unha aproximación a «Os biosbardos» de Blanco Amor.
- F. F. DEL RIEGO:** O cego de Pumardedón.
- X. LANDEIRA:** Galicia e o momento estelar de «La Barraca».